

AUDITORIO DE GALICIA

25 ANIVERSARIO

TEMPORADA
2014/2015

CICLO DE PIANO
ÁNGEL BRAGE
2015

LARS VOGT
piano



14 *fff* 15

xoves 19 | 03 | 2015 21.00 h

I

FRANZ SCHUBERT (1797-1828)

Sonata para piano en do menor D. 958

Allegro

Adagio

Menuetto

Allegro

II

ARNOLD SCHOENBERG (1874-1951)

Seis pequenas pezas para piano

Leicht, zart (*lixeiro, delicado*)

Langsam (*lento*)

Sehr langsam (*moi lento*)

Rasch, aber leicht (*vivo, pero lixeiro*)

Etwas rasch (*algo vivo*)

Sehr langsam (*moi lento*)

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Sonata núm. 32 en do menor, op. 111

Maestoso: Allegro con brio ed appassionato

Arietta: Adagio molto, semplice e cantabile

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 30 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

LARS VOGT

PIANO

Lars Vogt é un dos pianistas líderes da súa xeración. Nacido na cidade alemá de Düren en 1970, deuse a coñecer ao público cando gañou en 1990 o segundo premio do Leeds International Piano Competition e desenvolveu a súa carreira durante máis de vinte anos. A súa versatilidade como artista abarca desde o repertorio clásico de Mozart, Beethoven, Schumann e Brahms aos románticos Grieg, Tchaikovski e Rachmaninov pasando polo cegador concerto de Lutoslawski. Un entusiasta músico de cámara, Lars Vogt traballa con orquestras tanto como director como solista dirixindo desde o piano.

Na tempada 2013/14 destacan as súas actuacións en Amsterdam e Londres coa Royal Concertgebouw Orchestra baixo a batuta de Mariss Jansons, unha xira por China e concertos en Berlín e Viena coa Deutsches Symphonie-Orchester Berlín dirixido por Tugan.

Foi artista residente coa Orquestra de Cámara de Zúric e destacaron as súas actuacións coa NDR Hamburg, Guerzenich Cologne, Munich Chamber Orchestra, O. Philharmonique de France, Róterdam Philharmonic, Orchestre da Suisse

Romande e Sinfónica City of Birmingham Symphony con Andris Nelsons. Fóra de Europa viaxou coa NHK Symphony en Tokyo con Roger Norrington e actuou coas orquestras de Boston e St. Louis Symphony.

Durante 2013/14 Lars Vogt continuou desenvolvendo o seu novo papel como director desde o teclado e traballando coa Orquestra de Cámara de Zúric, Arte del Mondo, Orquestra de Cámara de Colonia e a Northern Sinfonia. Tamén comezou varios proxectos de cámara como recitais con Ian Bostridge no Festival de Edimburgo e con Klaus Maria Brandauer en Viena; así como seis concertos en Norteamérica con Christian Tetzlaff que o levaron a Chicago, Boston, Montreal e Filadelfia e tríos con Christian e Tanja Tetzlaff en París, Berlín, Salzburgo e Zúric.

Na tempada 2012/13 realizou varias actuacións en Norteamérica, tocando coas orquestras de Cleveland, Los Angeles, Atlanta, Ottawa e un recital en Nova York. Coa Orquestra de Cleveland tamén interpretou o Concerto de Lutoslawski dirixido por Franz Welser-Moest no Festival de Edimburgo. Outros momentos importantes da tempada foron os

Lars Vogt es uno de los pianistas líderes de su generación. Nacido en la ciudad alemana de Düren en 1970, se dió a conocer al público cuando ganó en 1990 el segundo premio del Leeds International Piano Competition y ha desarrollado su carrera durante más de veinte años. Su versatilidad como artista abarca desde el repertorio clásico de Mozart, Beethoven, Schumann y Brahms a los románticos Grieg, Tchaikovsky y Rachmaninov pasando por el deslumbrante concierto de Lutoslawski. Un entusiasta músico de cámara, Lars Vogt trabaja con orquestas tanto como director como solista dirigiendo desde el piano.

En la temporada 2013/14 destacan sus actuaciones en Amsterdam y Londres con la Royal Concertgebouw Orchestra bajo la batuta de Mariss Jansons, una gira por China y conciertos en Berlín y Viena con la Deutsches Symphonie-Orchester Berlín dirigido por Tugan.

Fue artista residente con la Orquesta de Cámara de Zurich y destacaron sus actuaciones con la NDR Hamburg, Guerzenich Cologne, Munich Chamber Orchestra, O. Philharmonique de France, Rotterdam Philharmonic, Orchestre de la Suisse Romande

y Sinfónica City of Birmingham Symphony con Andris Nelsons. Fuera de Europa ha viajado con la NHK Symphony en Tokyo con Roger Norrington y actuó con las orquestas de Boston y St. Louis Symphony.

Durante 2013/14 Lars Vogt continuó desarrollando su nuevo papel como director desde el teclado y trabajando con la Orquesta de Cámara de Zurich, Arte del Mondo, Orquesta de Cámara de Colonia y la Northern Sinfonia. También comenzó varios proyectos de cámara como recitales con Ian Bostridge en el Festival de Edimburgo y con Klaus Maria Brandauer en Viena; así como seis conciertos en Norteamérica con Christian Tetzlaff que le llevaron a Chicago, Boston, Montreal y Filadelfia y tríos con Christian y Tanja Tetzlaff en París, Berlín, Salzburgo y Zurich.

En la temporada 2012/13 realizó varias actuaciones en Norteamérica, tocando con las orquestas de Cleveland, Los Angeles, Atlanta, Ottawa y un recital en Nueva York. Con la Orquesta de Cleveland también interpretó el Concierto de Lutoslawski dirigido por Franz Welser-Moest en el Festival de Edimburgo. Otros momentos

concertos coa Leipzig Gewandhaus e Riccardo Chailly, aparicións en París coa Orquestra de París con Herbert Blomstedt e a Orquestra Nacional e Kurt Masur, e a conclusión da súa residencia coa Netherlands Philharmonic no Concertgebouw de Amsterdam. En Londres actuou coa London Philharmonic e Christoph Eschenbach e a London Symphony dirixida por Daniel Harding. Participou en recital no International Piano Series en Londres e a Konzerthaus, Viena.

Ademais de colaborar regularmente coa Filharmónica de Berlín como “Pianista en Residencia” desde 2003, traballou con outras moitas orquestras alemás incluída a Deutsches Symphonie-Orchester Berlín, Bayerische Rundfunk, Frankfurt Radio, Dresden Staatskapelle, Leipzig Gewandhaus, Guerzenich Cologne e Deutscheskammerphilharmonie Bremen. Tivo aparicións estelares na BBC Proms e unha residencia na semana Mozart en Salzburg coa Filharmónica de Viena/Christoph Eschenbach e a Mahler Chamber Orchestra/Daniel Harding; así como as súas participacións coa Filharmónica de Nova York, as Sinfónicas de Boston, Chicago, Londres, Philharmonia, Royal Concertgebouw, Orquestra de Cámara de Europe, Swedish Radio, Finnish Radio e Orquestra de París.

Como músico de cámara apareceu recentemente en Londres, París, Múnic, Viena, Madrid, Roma e Nova York. En xuño de 1998 fundou o seu propio festival en Heimbach, Alemaña. Coñecido como “Spannungen”, o seu enorme éxito foi sinalado polo

lanzamento de dez gravacións en directo de EMI. Colabora regularmente con amigos como Christian Tetzlaff e Thomas Quasthoff e ocasionalmente co actor Klaus-Maria Brandauer e o cómico Konrad Beikircher. En 2005 fundou “Rhapsody in School” que chegou a ser un proxecto educativo de referencia en Alemaña. Lars Vogt é ademais un consumado e entusiasta profesor e recentemente foi nomeado profesor de piano no conservatorio de música de Hannover, sucedendo a Karl-Heinz Kämmerling, o seu profesor e íntimo amigo quen faleceu en xuño de 2012.

Como artista de EMI, Lars Vogt gravou quince discos para o selo, incluíndo Kammermusik núm. 2 de Hindemith coa Filarmónica de Berlín/Claudio Abbado, así como os concertos de Schumann, Grieg e os dous primeiros de Beethoven coa Sinfónica City of Birmingham /Sir Simon Rattle, quen o describiu como “un dos músicos máis extraordinarios con quen tiveren a fortuna de asociarme”. Gravacións recentes inclúen obras de Schubert for Cavi-music e concertos de Mozart coa Orquestra do Mozarteum de Salzburg para Oehms, un disco de Liszt e Schumann no selo Berlín Classics e Sonatas de Mozart con Christian Tetzlaff para Ondine.

importantes de la temporada fueron los conciertos con la Leipzig Gewandhaus y Riccardo Chailly, apariciones en París con la Orquesta de París con Herbert Blomstedt y la Orquesta Nacional y Kurt Masur, y la conclusión de su residencia con la Netherlands Philharmonic en el Concertgebouw de Amsterdam. En Londres actuó con la London Philharmonic y Christoph Eschenbach y la London Symphony dirigido por Daniel Harding. Participó en recital en el International Piano Series en Londres y la Konzerthaus, Viena.

Además de colaborar regularmente con la Filarmónica de Berlín como “Pianista en Residencia” desde 2003, ha trabajado con otras muchas orquestas alemanas incluida la Deutsches Symphonie-Orchester Berlín, Bayerische Rundfunk, Frankfurt Radio, Dresden Staatskapelle, Leipzig Gewandhaus, Guerzenich Cologne y Deutscheskammerphilharmonie Bremen. Ha tenido apariciones estelares en los BBC Proms y una residencia en la semana Mozart en Salzburg con la Filarmónica de Viena/Christoph Eschenbach y la Mahler Chamber Orchestra/Daniel Harding; así como sus participaciones con la Filarmónica de Nueva York, las Sinfónicas de Boston, Chicago, Londres, Philharmonia, Royal Concertgebouw, Orquesta de Cámara de Europe, Swedish Radio, Finnish Radio y Orquesta de París.

Como músico de cámara ha aparecido recientemente en Londres, París, Munich, Viena, Madrid, Roma y Nueva York. En junio de 1998 fundó su propio festival en Heimbach, Alemania. Conocido como “Spannungen”, su

enorme éxito ha sido señalado por el lanzamiento de diez grabaciones en directo de EMI. Colabora regularmente con amigos como Christian Tetzlaff y Thomas Quasthoff y ocasionalmente con el actor Klaus-Maria Brandauer y el cómico Konrad Beikircher. En 2005 fundó “Rhapsody in School” que ha llegado a ser un proyecto educativo de referencia en Alemania. Lars Vogt es además un consumado y entusiasta profesor y recientemente ha sido nombrado profesor de piano en el conservatorio de música de Hannover, sucediendo a Karl-Heinz Kämmerling, su profesor e íntimo amigo quien falleció en junio de 2012.

Como artista de EMI, Lars Vogt grabó quince discos para el sello, incluyendo Kammermusik núm. 2 de Hindemith con la Filarmónica de Berlín/Claudio Abbado, así como los conciertos de Schumann, Grieg y los dos primeros de Beethoven con la Sinfónica City of Birmingham /Sir Simon Rattle, quien le ha descrito como “uno de los músicos más extraordinarios con quien he tenido la fortuna de asociarme”. Grabaciones recientes incluyen obras de Schubert for Cavi-music y conciertos de Mozart con la Orquesta del Mozarteum de Salzburg para Oehms, un disco de Liszt y Schumann en el sello Berlín Classics y Sonatas de Mozart con Christian Tetzlaff para Ondine.

O piano romántico

En 1828 Franz Schubert compuxo as tres obras para piano máis importantes, as sonatas para piano D958, D959 e D960 que, dado o parecido melódico e harmónico entre movementos, poden considerarse unha triloxía. Estas composicións respondían musicalmente á necesidade do compositor de tentar organizar lóxicamente o material temático nas creacións máis extensas. Schubert era un entusiasta admirador de Beethoven e así, algúns musicólogos ven na *Sonata en do menor, D 958* evocacións da abertura da música incidental de *Egmont* ou do primeiro movemento da última sonata do compositor. Con todo, máis recentemente, estudiosos do compositor apuntan nesta sonata ao universo atormentado e pesimista da súa propia *Viaxe de inverno*, como no movemento máis significativo da sonata, un reflexivo *Adagio*, un lied cuxo ritmo é o propio do camiñante dalgunhas pasaxes da citada obra. A pesar de todo, no que coinciden a maioría dos expertos é que esta partitura é unha das máis sombrías de Schubert; aínda que comeza cun *Allegro* cheo de enerxía, de dimensións case heroicas e de postulados totalmente schubertianos, o seu carácter musical xeneral sería impensable sen o modelo de Beethoven. O *Minueto*, de feito un scherzo, está conformado por un sinxelo *Allegro* e un trío central. De enormes dimensións, pois presenta máis de setecentos compases, o *Finale* é un frenético itinerario con ritmo de *tarantella* e forma rondó-sonata sobre dous episodios ben diferentes, que

El piano romántico

En 1828 Franz Schubert compuso las tres obras para piano más importantes, las sonatas para piano D958, D959 y D960 que, dado el parecido melódico y armónico entre movimientos, pueden considerarse una trilogía. Estas composiciones respondían musicalmente a la necesidad del compositor de intentar organizar lógicamente el material temático en las creaciones más extensas. Schubert era un entusiasta admirador de Beethoven y así, algunos musicólogos ven en la *Sonata en do menor, D 958* evocaciones de la obertura de la música incidental de *Egmont* o del primer movimiento de la última sonata del compositor. Sin embargo, más recientemente, estudiosos del compositor apuntan en esta sonata al universo atormentado y pesimista de su propio *Viaje de invierno*, como en el movimiento más significativo de la sonata, un reflexivo *Adagio*, un lied cuyo ritmo es el propio del caminante de algunos pasajes de la citada obra. A pesar de todo, en lo que coinciden la mayoría de los expertos es que esta partitura es una de las más sombrías de Schubert; aunque comienza con un *Allegro* lleno de energía, de dimensiones casi heroicas y de postulados totalmente schubertianos, su carácter musical general sería impensable sin el modelo de Beethoven. El *Minueto*, de hecho un scherzo, está conformado por un sencillo *Allegro* y un trío central. De enormes dimensiones, pues presenta más de setecientos compases, el *Finale* es un frenético itinerario con ritmo de *tarantella* y forma rondó-sonata sobre dos episodios bien diferentes, que se

se interrompe nun brillante episodio central. A súa extremada ordenación, tanto métrica como harmónica, fai que a pasaxe acumule gradualmente a tensión cara ao *fortissimo* final.

O piano atonal

Arnold Schoenberg estivo influído artisticamente por Oskar Adler, quen lle ensinou nocións básicas de teoría musical, poesía e filosofía; David Joseph Bach, quen espertou nel unha ampla conciencia ética e moral e, finalmente, Alexander von Zemlinsky, quen recoñeceu o seu talento e deulle clases de composición. Así, escribiu a súa obra *Seis pequenas pezas para piano op. 19* en 1911 cun laconismo propio do seu amigo Anton Webern (Schoenberg e Webern xunto con Alban Berg formaron a Sociedade de Compositores) e un estilo indiscutible asociado a unha procura de novos timbres desta época atonal. A abstracción do material formal dá lugar a unha nova plástica harmónica baseada en liña, cor e timbre e xorden na súa produción como consecuencia de indagacións estéticas enfocadas coma se da súa obra pictórica se tratase. Nelas, tamén aparece a vontade de Schoenberg de continuar o camiño iniciado da simplicidade nas formas. A primeira, *Leich, zart* (lixeiro, delicado), a máis longa con só 18 compases, presenta un argumento harmónico delicadísimo; as máis curtas son a melódica *Langsam* (lento) onde utiliza temas de carácter interválico e a terceira, *Sehr langsam* (moi lento) insolitamente poética, chega dos lixeiros acordes da man

interrumpe en un brillante episodio central. Su extremada ordenación, tanto métrica como armónica, hace que el pasaje acumule gradualmente la tensión hacia el *fortissimo* final.

El piano atonal

Arnold Schoenberg estuvo influído artisticamente por Oskar Adler, quien le enseñó nociones básicas de teoría musical, poesía y filosofía; David Joseph Bach, quien despertó en él una amplia conciencia ética y moral y, finalmente, Alexander von Zemlinsky, quien reconoció su talento y le dió clases de composición. Así, escribió su obra *Seis pequeñas piezas para piano op. 19* en 1911 con un laconismo propio de su amigo Anton Webern (Schoenberg y Webern junto con Alban Berg formaron la Sociedad de Compositores) y un estilo indiscutible asociado a una búsqueda de nuevos timbres de esta época atonal. La abstracción del material formal da lugar a una nueva plástica armónica basada en línea, color y timbre y surgen en su producción como consecuencia de indagaciones estéticas enfocadas como si de su obra pictórica se tratase. En ellas, también aparece la voluntad de Schoenberg de continuar el camino iniciado de la simplicidad en las formas. La primera, *Leich, zart* (ligero, delicado), la más larga con sólo 18 compases, presenta un argumento armónico delicadísimo; las más cortas son la melódica *Langsam* (lento) donde utiliza temas de carácter interválico y la tercera, *Sehr langsam* (muy lento) insolitamente poética llega de los ligeros acordes de la mano derecha. Es significativo el profundo

dereita. É significativo o profundo e dramático recitativo de *Rasch, aber leicht* (vivo, pero lixeiro) e a exquisitez da quinta peza, *Etwas rasch* (algo vivo). A última, *Sehr langsam*, seguramente pode describirse como a máis fermosa e conmovedora, como se se tratase dun cántico lutuoso e nostálgico, que ha de ser interpretada como un queixume.

A última sonata

A *Sonata* núm. 32 en do menor op. 111 é tamén a última das sonatas para piano que compón Ludwig van Beethoven. Escrita en Viena entre 1820 e 1822, desde sempre, estableceuse unha discusión sobre a formulación orixinal de que tivese os seus dous únicos movementos ou quedou así por algunha razón, a falta dun final. A explicación dunha sonata inacabada, claramente errónea, procede do fiel amigo e primeiro biógrafo do compositor Anton Schindler, quen sostíña que lle faltaba un terceiro e último movemento e ante a súa insistencia logrou de Beethoven a resposta de “Non tiven tempo de escribilo”. A pesar das diferentes teorías, é imposible discutir a perfección da partitura, definida pola unidade interna e a impecable argumentación musical que presiden esta obra cuxos movementos están profundamente entrelazados e á vez, confrontados, o brío dinámico do primeiro fronte á calma case inerte do segundo: por unha banda, a enerxía, a excitación, a paixón; e pola outra, a sobriedade, a medida, a quietude. O *Allegro* é unha forma sonata con elementos da fuga que evoca a época de mocidade manifestando a loita das

y dramático recitativo de *Rasch, aber leicht* (vivo, pero ligero) y la exquisitez de la quinta pieza, *Etwas rasch* (algo vivo). La última, *Sehr langsam*, seguramente puede describirse como la más hermosa y conmovedora, como si se tratase de un cántico luctuoso y nostálgico, que ha de ser interpretada como un lamento.

La última sonata

La *Sonata* núm. 32 en do menor op. 111 es también la última de las sonatas para piano que compone Ludwig van Beethoven. Escrita en Viena entre 1820 y 1822, desde siempre, se ha establecido una discusión sobre el planteamiento original de que tuviese sus dos únicos movimientos o se quedó así por alguna razón, a falta de un final. La explicación de una sonata inacabada, claramente errónea, procede del fiel amigo y primer biógrafo del compositor Anton Schindler, quien sostenía que le faltaba un tercer y último movimiento y ante su insistencia logró de Beethoven la respuesta de “No he tenido tiempo de escribirlo”. A pesar de las diferentes teorías, es imposible discutir la perfección de la partitura, definida por la unidad interna y la impecable argumentación musical que presiden esta obra cuyos movimientos están profundamente entrelazados y a la vez, confrontados, el brío dinámico del primero frente a la calma casi inerte del segundo: por un lado, la energía, la excitación, la pasión; del otro, la sobriedad, la medida, la quietud. El *Allegro* es una forma sonata con elementos de la fuga que evoca la época de juventud manifestando la lucha de

súas coitas internas; o *Arietta: Adagio molto semplice e cantabile*, de serena solidez, é un tema de seis variacións extraordinariamente sinxelo e inxenuo cuxo ton, inocente e común, leva extrañamente ao descoñecido. A concatenación das variacións e as súas progresivas e cada vez máis complexas divagacións rítmicas converxen nunha aparición final do tema, no momento máis agudo e cuberta por un trino duradeiro que finaliza con expresión melancólica case como se dunha obra schubertiana se tratase.

sus cuitas internas; el *Arietta: Adagio molto semplice e cantabile*, de serena solidez, es un tema de seis variaciones extraordinariamente sencillo e ingenuo cuyo tono, inocente y común, lleva extrañamente a lo desconocido. La concatenación de las variaciones y sus progresivas y crecientemente complejas divagaciones rítmicas convergen en una aparición final del tema, en el momento máis agudo y cubierto por un trino duradero que finaliza con expresión melancólica casi como si de una obra schubertiana se tratase.

AUDITORIO DE GALICIA

25 ANIVERSARIO

PRÓXIMOS CONCERTOS

MARZO 2015

Festival de Músicas Contemplativas

27

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

ANDREW GOURLAY / director

ALINA POGOSTKINA / violín

21.00 h. Auditorio de Galicia

Obras de Haydn, Brahms,
Beethoven, Sibelius

ABRIL 2015

9

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

SERGIO ALAPONT / director

PAULA MURRIHY / soprano

21.00 h. Auditorio de Galicia

Obras de Bautista,
Hindemith, Mendelssohn

20.15 **CONVERS@NDO CON**
SERGIO ALAPONT

11

BANDA SINFÓNICA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO

CARMEN M^a FERREIRO SOTO / directora

BANDA XUVENIL DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO

FERNANDO REI MALLO / director

20.00 h. Auditorio de Galicia

Obras de Pellicer, Ferrán,
Hindemith, Asins Arbó,
Gorb, Whitacre

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

Tel.: +34 981 571 026
573 979

OFICINA

Tel.: +34 981 574 153
552 290
Fax: +34 981 574 250

www.compostelacapitalcultural.org
www.auditoriodegalicia.org
www.rfgalicia.org



Televés